

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DO 8 DE OUTUBRO DE 2020

Ás 10:05 horas do día 8 de outubro de 2020, reúnese a Mesa de Contratación do Concello de Vigo, en sesión virtual a través da canle Cisco Webex Meetings, convocada polo presidente o 5 de outubro, para tratar os asuntos da orde do día que figuran na convocatoria.

Asisten á reunión da Mesa de Contratación:

Presidenta: D^ª. Nuria Rodríguez Rodríguez

Vocais: D^ª. María Isabel Fernández Gabriel, vogal suplente da titular da Asesoría Xurídica
D^ª. Olga Gómez Corbal, vogal suplente do interventor xeral
D^ª. Susana Gallardo Fariña, vogal suplente do secretario xeral do Pleno
D. Rubén Peña Barceló, xefe do Servizo de Deportes (asiste ao punto 3)
D. Óscar Couce Senra, xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario da Área de Fomento (asiste aos puntos 5 e 6)
D. Pablo Olmos Pita, por ausencia do xefe da Área Xudicial (asiste ao punto 10)

Secretaria: D^ª. Ángela Fernández López, suplente da xefa do Servizo de Contratación

Aberta a sesión pola Sra. presidenta procédese a tratar os puntos incluídos na orde do día:

3.- Apertura administrativa e técnica/Apertura administrativa e económica/Apertura técnica e económica

a) Procedemento aberto simplificado para a contratación de servizos de produción técnica de apoio á celebración de eventos deportivos do programa "Calendario de eventos deportivos da cidade de Vigo" (19.710-333)

A secretaria le o listado de licitadores presentados (EVENTOS ESPECTACULARES DEL NOROESTE, S.L. e TEAM RELAY, S.L.) a este procedemento segundo consta na Plataforma de Contratos do Sector Público e no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con eles. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses cos licitadores.

Acto seguido procédese á descriptación dos documentos que compoñen o sobre A (documentación persoal e proposición avaliábel mediante xuízo de valor).

Compróbase, en primeiro lugar, a documentación persoal e acórdase, por unanimidade,

a) Admitir neste procedemento aos licitadores que deseguido se relacionan, por ter presentado correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos:

1. EVENTOS ESPECTACULARES DEL NOROESTE, S.L.
2. TEAM RELAY, S.L.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 20/05/2024 20:43	Páxina 1 de 5
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AF4AA4E-EHCC3B-C34149-KB1LTU-RZUQK5-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

A continuación ábrese a “Proposición avaliable mediante xuízo de valor” e a Mesa acorda, por unanimidade, solicitar informe ao servizo xestor sobre a documentación técnica.

5.- Entrega e, no seu caso, aceptación dos informes de valoración dos criterios avaliáveis mediante xuízo de valor nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos

a) Procedemento aberto das obras do proxecto de “Nova grada de Marcador do Estadio municipal de Balaídos”(493-441)

A secretaria pregunta aos membros da Mesa se teñen conflito de intereses cos licitadores admitidos. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

Entrégase o informe asinado polo enxeñeiro técnico en Topografía, a enxeñeira de Obras Públicas, a enxeñeira industrial, o enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos, o enxeñeiro da Edificación, o xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario da Concellería de Fomento e o enxeñeiro xefe do Servizo de Vías e Obras e Infraestruturas o 2 de outubro de 2020 de valoración do sobre B “proposición avaliable mediante xuízo de valor”, así como o informe corrixido de data 6 de outubro de 2020.

Presente na sesión o xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario da Concellería de Fomento aclara que no informe do 6 de outubro corrixíuse o erro detectado na táboa da páxina 6 sobre *Revisión dos requisitos establecidos para a presentación da documentación do sobre "B"*, concretamente a memoria de control de calidade presentada por FERROVIAL CONSTRUCCIÓN, S.A. Onde dicía “cumpre cos requisitos” agora indica “Tamaño letra inferior á requirida”, en consonancia coa puntuación outorgada ao licitador no corpo do informe e nas puntuacións finais.

A Mesa acepta, por unanimidade, o informe do 6 de outubro. Acto seguido publícase no perfil de contratante.

b) Procedemento aberto para a contratación por lotes das obras de renovación de céspede artificial e instalacións no campo de fútbol de A Guía e a renovación de céspede artificial e instalacións no campo de Fragoselo-Coruxo (565-441)

A secretaria pregunta aos membros da Mesa se teñen conflito de intereses cos licitadores admitidos. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

Entrégase o informe asinado pola enxeñeira Industrial, a enxeñeira de Obras Públicas, o enxeñeiro técnico en Topografía, o enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos e o xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario da Concellería de Fomento nas datas 30 de setembro e 2 de outubro de 2020 de valoración do sobre B “proposición avaliable mediante xuízo de valor” que é aceptado por unanimidade dos membros da Mesa.

Acto seguido publícase no perfil de contratante.

6.- Apertura económica



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 20/05/2024 20:43	Páxina 2 de 5
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AFAA4E-EHCC3B-C34149-KB1LTU-RZUQK5-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



a) Procedemento aberto das obras do proxecto de "Nova grada de Marcador do Estadio municipal de Balaídos" (493-441)

Pola Secretaría e a Presidencia procédese, en acto público, á descrición dos documentos que compoñen o sobre C "Proposición avaliable mediante fórmula" dos licitadores presentados e admitidos co seguinte resultado:

	Licitador	Redución do prezo
1	CIVIS GLOBAL, S.L.U.	16.566.750,00 €
2	UTE FCC CONSTRUCCION, S.A. - PETROLAM INFRAESTRUCTURAS, S.L.	16.584.253,95 €
3	FERROVIAL CONSTRUCCIÓN, S.A.	16.649.854,28 €
4	UTE ORECO S.A.U. - ORTIZ CONSTRUCCIONES Y PROYECTOS, S.A.	14.955.030,01 €
5	UTE PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A. - CONSTRUCTORA SAN JOSÉ, S.A.	15.397.920,00 €
6	S.A. DE OBRAS Y SERVICIOS, COPASA	15.467.430,00 €
7	UTE ACCIONA CONSTRUCCIÓN S.A. - CONSTRUCCIONES RAMÍREZ S.L.	14.224.095,00 €

Asisten á apertura D. Ezequiel Alonso de Anta, con DNI **.80.80*, en representación de FCC CONSTRUCCIÓN, S.A.; D^a. PAULA SOUTO GARCÍA con DNI **.04.04*, en representación de PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A.; D^a. Dori García Navarro, con DNI **.33.25*, en representación de S.A. DE OBRAS Y SERVICIOS, COPASA; D. Jose Luis Bocija Liñares, con DNI **.39.83*, en representación de ACCIONA, CONSTRUCCIÓN, S.A.; D^a. Rebeca Platero López de Turiso, con DNI **.88.75*, en representación de Federación Gallega de la Construcción; D^a. YOLANDA RIVERO MARTÍNEZ con DNI **.30.17*, en representación de CONSTRUCTORA SAN JOSÉ, S.A.; D. Alberto Marcos Carpintero, con DNI **.35.89*, en representación de ORTIZ CONSTRUCCIONES; e D. FELIPE CARRASCOSA HERNÁNDEZ, con DNI **.09.54*, en representación de CIVISGLOBAL, S.L.U.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación económica ao servizo xestor.

b) Procedemento aberto para a contratación por lotes das obras de renovación de céspede artificial e instalacións no campo de fútbol de A Guía e a renovación de céspede artificial e instalacións no campo de Fragoselo-Coruxo (565-441)

Pola Secretaría e a Presidencia procédese, en acto público, á descrición dos documentos que compoñen o sobre C "Proposición avaliable mediante fórmula" dos licitadores admitidos co seguinte resultado:

	Licitador	Prezo lote 1	Prezo Lote 2
1	CALFENSA PROYECTOS, S.L. (lotes 1 e 2)	339.891,87 €	210.495,76 €
2	CIVIS GLOBAL, S.L.U. (lotes 1 e 2)	341.088,67 €	209.752,34 €
3	EMERGIS CONSTRUCCIÓN, S.L. (lotes 1 e 2)	341.772,56 €	212.301,23 €
4	MONDO IBÉRICA, S.A.U. (lotes 1 e 2)	341.943,53 €	212.407,43 €
5	OBRAS Y PAVIMENTOS ESPECIALES, S.A. (lote 2)	-	192.589,82 €
6	PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A. (lotes 1 e 2)	339.378,95 €	210.814,38 €
7	URBAN GLOBAL 2018, S.L. (lotes 1 e 2)	313.904,16 €	194.990,02 €



Asiste á apertura D^a. Paula Souto García con DNI ****.*04.04***, en representación de PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A.; D. FELIPE CARRASCOSA HERNÁNDEZ, con DNI ****.*09.54***, en representación de CIVISGLOBAL, S.L.U. e D^a. Rebeca Platero López de Turiso, con DNI ****.*88.75***, en representación de Federación Gallega de la Construcción.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación económica ao servizo xestor.

10.- Propostas de clasificación/clasificación

a) Acordo marco para a contratación polo Concello de Vigo dos servizos de procuradoría dos tribunais (12.650-111)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses cos licitadores admitidos. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

Así mesmo, lembra que en cumprimento do acordado na sesión do 29 de setembro de 2020 se deu traslado a D^a. SAGRARIO QUEIRO GARCÍA do informe de valoración do sobre C *“proposición avaliable mediante fórmula”* de data 24 de setembro.

Durante o prazo concedido, a citada licitadora presentou, con data 1 de outubro de 2020, escrito no que indica *“A la vista de la notificación recibida y dada la imposibilidad, de acuerdo con los pliegos, de optar a las tres licitaciones ofrecidas, pido disculpas a la mesa de contratación por la confusión y trastorno generados, y pongo en conocimiento de la misma que opto únicamente al Lote 1, que se corresponde al Partido Judicial de Vigo, renunciando expresamente al lote 2 Partido Judicial de Coruña y 3 Partido Judicial de Madrid”*.

Á vista do citado escrito, a Mesa toma razón da renuncia das proposicións presentadas por D^a. SAGRARIO QUEIRO GARCÍA nos lotes 2 e 3 deste procedemento.

Entrégase, a continuación, o informe asinado o 2 de outubro de 2020 polo letrado especialista na Orde Social, Civil, Contenciosa e Mercantil e o xefe da Área Xudicial coa proposta de clasificación por orde descendente, que é aceptada por unanimidade dos membros asistentes.

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das proposicións presentadas, por unanimidade dos asistentes, propónse á Concillería delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), a adopción da seguinte resolución:

“Primeiro.- Tomar razón da renuncia das proposicións presentadas por D^a. SAGRARIO QUEIRO GARCÍA nos lotes 2 e 3 deste procedemento.

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas no acordo marco para a contratación polo Concello de Vigo dos servizos de procuradoría dos tribunais (12.650-111) na seguinte orde descendente:



